

Mestrado Universitario en Enxeñaría Informática

Oferta de Prácticas Curriculares na UDC

Nº prazas: 1

Título: *Algoritmos Evolutivos para Aprendizaxe Indutiva en Answer Set Programming*

Destino: IRLab, Laboratorio 4.2,
Facultade de Informática de A Coruña

Duración: 250 horas

Período estimado: de 14/9/2026 a 9/12/2026

Titor Profesional:

José Pedro Cabalar Fernández,
Despacho 4.11, Facultad de Informática
Campus de Elviña S/N 15008, A Coruña
email: cabalar@udc.es

Tarefas a realizar:

O traballo a desenvolver consistirá na aplicación de técnicas de computación evolutiva ao problema de aprendizaxe indutivo de programas lóxicos en *Answer Set Programming* (ASP). ASP é un paradigma de resolución declarativa de problemas e representación práctica do coñecemento para o que se dispón de ferramentas de cálculo moi eficientes que se usan en infinidade de aplicacións tales como asignación de recursos, xeración de turnos e horarios, configuración de produtos, ou optimización de liñas de transporte, entre outras. En ASP, cada problema se codifica en termos dun programa lóxico, ou conxunto de regras, e cada solución do problema correspóndese cun modelo (ou *answer set*) dese programa. O problema de aprendizaxe indutivo en ASP consiste en intentar xerar (total ou parcialmente) as regras do programa lóxico ASP partindo de exemplos positivos ou negativos de solucións do problema que se está a intentar representar. O traballo a realizar consiste na aplicación de algoritmos evolutivos para extraer as regras do programa ASP. As tarefas a desenvolver inclúen a proba de distintas técnicas evolutivas e a medición de resultados sobre casos de proba, comparando tamén con outras ferramentas de aprendizaxe automática en ASP.

Presentación de solicitudes:

Por correo electrónico, á dirección **cabalar@udc.es** á atención de Pedro Cabalar
Prazo límite: **24 de xullo de 2026**

Documentación a presentar:

- Expediente académico do Máster en Enxeñaría Informática
- Curriculum Vitae

Criterios de selección:

A valoración se realizará mediante a seguinte puntuación:

- **Expediente Académico:** presentarse certificación académica do máster onde figure a cualificación media do título, que se usará de xeito ponderado ata un máximo de **1 punto**.
- **Entrevista persoal e curriculum vitae:** realizarase unha entrevista persoal para aclarar aspectos sobre os méritos aportados no curriculum vitae, valorando especialmente a experiencia previa en programación e desenvolvemento de aplicacións relacionadas con Aprendizaxe Automática en Intelixencia Artificial. O resultado da entrevista valorarase cunha puntuación máxima de **1 punto**.

A nota mínima de acceso é de 1 punto. As solicitudes avaliadas por debaixo desa calificación quedarán automaticamente excluídas.